

CONCURSO 'NA BUSCA DA MASCOTA LARANXA'

BASES DO CONCURSO

DESTINATARI@S: O concurso estará aberto para **todas as idades**. A presentación do bosquexo realizarase en **formato libre** e cada persoa poderá entregar cantas propostas como desexe, en sobres individuais, indicando os seus datos (nome e apelidos, DNI, enderezo e teléfono de contacto). Cada deseño debe ir acompañado dunha e/ou **propostas de nome**, sobre as que a entidade burelista terá a última decisión.

FINALIDADE: O club empregará a figura gañadora nas diferentes accións promocionais e de comunicación. A mascota oficial do CD Burela FS tamén participará na animación dos encontros burelistas en Vista Alegre.

XURADO: Unha vez rematado o prazo de presentación, a xunta directiva do CD Burela FS reunirse para decidir a proposta máis axeitada, con asesoramento especializado.

PREMIO: O gañador/a do concurso será agasallado/a con **dous Abonos Simples CD Burela FS para a tempada 2010-11**.

LUGAR DE PRESENTACIÓN: As persoas interesadas deberán presentar as súas propostas nas oficinas do CD Burela FS ben **persoalmente**, ben por **correo certificado** ao seguinte enderezo:

**Avenida Arcadio Pardiñas, número 97, entresollado
Burela (27880)**

Horario de atención: 10.00-14.00 // 16.00-20.00

PRAZO LÍMITE: 30 de setembro de 2010

RESOLUCIÓN: O nome do gañador/a publicarase **a comezos do mes de outubro**. O club laranxa fará entrega do premio o 12 de outubro, en Vista Alegre, coincidindo coa sétima xornada da División de Prata que enfrontará o Burela FS e ElPozo Ciudad de Murcia.